**Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias**

# *ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para a reparación de danos causados polos incendios, destinadas a titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecores) de Galicia afectados polos incendios. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. DOG 166 (30/08/2025)*

## Obxeto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases para o outorgamento de axudas específicas para sufragar os gastos derivados das actuacións que se leven a cabo para paliar os danos causados nos terreos cinexeticamente ordenados como consecuencia dos incendios que afectan a Galicia durante o verán de 2025.
Código de procedemento: MT100A

## Beneficiarios

Titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecores) de Galicia que fosen afectados pola vaga de incendios en Galicia no verán de 2025.

## Gastos subvencionables

a) As actuacións realizadas sobre terreos cinexeticamente ordenados coa finalidade de recuperación dos hábitats cinexéticos e a protección dos solos nas zonas afectadas polos lumes. Consistirán na sementeira de cereais nos tecores afectados pola vaga de lumes forestais referida. Para tal efecto, as actuacións de sementeira poderanse estender ata o 10 % da superficie queimada.
b) As actuacións de recuperación, reparación e/ou reposición de infraestruturas e instalacións destruídas polos incendios (refuxios, fontes, comedeiros, bebedoiros, tobeiras, cercas, infraestruturas de aclimatación, elementos de sinalización, etc.).

## Contía da axuda

a) Actuacións de sementeira de cereais: o custo subvencionable será dun máximo de 650 euros por hectárea, cun límite máximo por entidade de 30.000 euros.
b) Actuacións de recuperación, reparación e/ou reposición de infraestruturas e instalacións: subvencionarase o 100 % dos gastos acreditados en reparacións e/ou reposicións das infraestruturas e/ou instalacións ata un máximo de 12.000 euros por solicitante.

## Anticipos

Poderán realizarse pagamento anticipado do 100%, quedando estes exentos da obriga de constituir garantías.

## Prazo de presentación de solicitudes

Dende o 1 de setembro de 2025 ata o 1 de outubro de 2025